

Ata o pé dun baobab

por Anxos Sumai

As miñas palabras voan e voan ata chegar a un cazador; o meu conto corre, corre ata chegar a Yó, a araña..." Así comezan os relatos do libro *Na Mitón*, una colección de contos tradicionais africanos que Agnès Agboton (Porto-Novo, Benín) recolleu nos países do golfo de Guinea. Este libro foi o principio do meu achegamento á literatura africana, despois dos xa clásicos Sengor, Soyinka, Gordiner, Mia Couto ou Pepetela. Co tempo, a mesma Agnès Agboton escribírame, nun caderno que me acompaña a todas partes e que só emprego para anotar cousas excepcionais, unha relación de autores que me eran totalmente descoñecidos: **Ken Bugul**, Natacha Appanah, Maïssa Bey, Marie Dardene, Elizabeth Tchoungui, Buchi Emechetta, Veronique Tadjó, Amma Darko, Ngugi Wa Thiong'o, Ken Saro-Wiwa, Mariama Bâ, Sony Labou Tansi...

Entre todas estas voces, a que máis me impresionou foi a de **Ken Bugul**, porque me mostrou, con todo o seu exotismo por diante, o que eu considero a esencia da literatura: a emoción e os sentimentos que non se poden transmitir se non é rebentando as convencións dos xéneros que constrinxen a palabra. Que a súa escrita e a súa vida son a mesma cousa, apréciase xa no seu primeiro libro, traducido ao castelán como *El baobab que enloqueció*. Non sei se Bugul pretendía contar a súa busca persoal, atoparse a si mesma no medio da confusión que lle producía vivir nunha aldea senegalesa, filla da terceira esposa dun ancián morabito polígamo, abandonada pola súa nai cando era unha meniña, desprezada pola familia por estudar nun colexio francés e por marchar a Europa na procura dos seus devanceiros galos. Estableceuse en Bélxica nos anos setenta, pero tampouco solucionou o conflito entre os seus supostos antepasados europeos. O descubrimento de que alí ela era "a outra", a distinta, a muller negra desexada como obxecto exótico e erótico polo home branco, sumiuna aínda máis na perda. Entregouse á vida bohemia, ás drogas e á prostitución e iso cóntano-lo namentres estraña a calor das coxas da nai, a estancia na concesión do venerado e venerable pai cego que rexeita a medicina dos brancos e porfía en curar a cegueira con bile de corvo. Non atopará a reconstrución no norte onde se verá —segundo a crítica europea— como muller colonizada, como corpo negro que recorre ao vestido-disfrace para agochase de si mesma. Extraviada, esgotada, retorna ás orixes africanas, expoñéndose á decepción que producirá na familia o seu fracaso europeo. Daquela correu, correu ata o pé do baobab que a vira nacer, que lle deitara a frescura da súa follaxe nos días de calor extrema, que lle ofrecera a deliciosa froita madurecida e doce. Pero o baobab morrera, comezara a morrer ao dar ela os primeiros pasos cara aos países fríos do norte. Desesperada, decidiu reconstruírse ou morrer. E a reconstrución chegoulle, ao cabo, da man da palabra.

Muller madura, culta e cunha extraordinaria experiencia da vida, **Ken Bugul** visita ao morabito da súa aldea, o Seriñe de Daroulère, xefe espiritual e político do muridismo. O Seriñe é, coma o seu pai, un ancián polígamo:

Anxos Sumai (Oeste, Catoira, 1960), autora de *Anxos da garda* (ANT, 2003) e *Melodía de días usados* (Galaxia, 2005), vén de recibir o Premio Repsol YPF pola novela *Así nacen as baleas* (Galaxia, 2007). A Asociación de Editores en Lingua Galega elixiuna Autora do Ano



O baobab d'O principiño. // Antoine Saint Exupéry

concesión mentres esperan a chamada do marido. *Riwan o El camino de arena* é unha alegación a favor da poligamia, pero dunha poligamia que se establece a partir de equilibrio do *ndigueul* muridista, a orde perfecta, a porta do paraíso. A poligamia é, xa que logo, o lugar da sensualidade, da confianza e da orde fronte á monogamia onde os ciúmes, as infidelidades e a frustración acaban por romper a relación. O matrimonio, en palabras de Bugul, é unha elección de vida e non a elección dun home co que convivir.

Despois de *Riwan o el camino de arena*, o terceiro libro da autora traducido ao castelán foi *La locura y la muerte*. De novo a lenda mestúrase coa ficción e a autobiografía. África berra agora con moita máis forza que nas obras anteriores. Bugul, que por fin conseguira asumir a dualidade tradición-colonización, fala agora de África con toda a crueza: a corrupción, o endebadamento, a pobreza, a axuda humanitaria, a guerra, son denunciados en voz alta, namentres se van sucedendo imaxes dunha violencia extrema e dunha tenrura conciliadora. A elección xa non é reconstruírse ou morrer. A elección é agora a loucura ou a morte.

Recorro de novo a Agnès Agboton, o meu camiño de area ata **Ken Bugul**: "Nin sequera o meu esposo, baixo o teito no que estou, coñece o meu nome, o meu verdadeiro nome. Este nome é o meu *jodbé*, a natureza do que son, e iso quedou determinado desde o mesmo día do meu nacemento. Por iso me é tan querido ese nome e por iso non me pode chamar así calquera". Os nomes son únicos, importantes, case determinantes. O de Ken Bugul ten un significado estremecedor. Cando escribiu *El baobab que enloqueció* elixiu para a protagonista un nome en wolof, a súa lingua natal, que significa "ninguén me quere" e que se lle apoña ás mulleres que parían fillos mortos. Cando en 1983 quixo publicar o libro en Senegal, o editor aconselloulle que utilizase un pseudónimo porque, daquela, unha muller non podía falar de si mesma, e menos aínda da súa relación coas drogas e coa prostitución. E así foi como como Mariétou Biléoma Mbaye, nacida en Ndoucoumane en 1947 ou 1948, se converteu en **Ken Bugul**, no meu espello e na sombra dun baobab.

Bugul converterase na súa esposa número vinte e nove. A súa persoal, liberadora, creativa experiencia dentro da convivencia polígama contaraa en *Riwan o El camino de arena*.

Se *El baobá que enloqueció* foi-me unha emoción estremecedora porque me confirmou a miña idea de literatura, me enfrontou a un espello no que me vin reflectida —aconteceume tamén con *Más allá del mar de arena* de Agnès Agboton— e me mostrou a proximidade dos mundos máis afastados, en *Riwan o El camino de arena* decateime de que a autora precisaba —coma min— unha orde, unha tradición, un cocho no que atopar o equilibrio para narrar, por fin, dende o acougo. Este maravilloso libro, no que a autobiografía se entretece coa ficción e coas lendas tradicionais, reborda sensualidade, erotismo, desexo repousado e satisfeito na tenrura. Ela, que sempre porfiou en establecer vínculos de confianza e de complicidade coas mulleres, fosen as descendentes dos devanceiros galos ou fosen as súas numerosas co-esposas, profunda no universo feminino africano coa intención de mostrarnos o equilibrio e a sensualidade, a fantasía e a imaxinación que fan posible a convivencia harmónica entre as mulleres que habitan nos espazos privados da